

Avoa Presenta

A Rigueira-Xove 1908 - 1999

Ela non emigrou, pero a viaxe a Bos Aires das irmás Estrella, María e Benigna marcaría a súa vida para sempre.

Naceu no 1908 na Penacurva-A Rigueira e foi o piar dunha gran familia que se asentou no Lugar de Veiga, na que todos coñecían como a casa de Presenta. Paniu dúas filas e cinco fillos; dos dous máis novos presenciou a morte e do maior a emigración á Arxentina. Viviu case un século de historias, alegrías e moita tristura que tinguiría, desde a viuvez, o seu roupeiro de negro para sempre.

Na casa da avoa Presenta non acordo lavadora mais si a riqueza do millo pendurado en ristras no corredor; as botellas de leite da vaca aínda morno que deixaba Josefa, a veciña, ao carón da porta; as fabas debulladas nun carabelo de vimbio e medidas en tazóns do almorzo; as patacas da chousa; os ovos das pitas e as sopas de cocido dos días de festa.

Aínda que labrega, o mar tivo moito peso na vida da avoa Presenta. O tío Xuxo fora o primeiro da Rigueira en acadar o título de patrón de altura e el e o tío Raúl iniciáronse na pesca co Solabarrieta, ao que seguirían o Mariñela ou o San Prudencio. Ela sabía cando marchaban pero o corazón íaselle encollendo ata que regresaban a porto. O tío Raúl fora cociñeiro en varios barcos e a avoa sempre dicía que a tía Lola tivera moita sorte de casar con el xa que, unha vez retirado do mar, era el quen dispoñía os xantares na casa.

Ao morrer o tío Xuxo, a tía Iberia pasou a ser armadora en activo. Recordo que ao tempo que criaba fla e flo, tiña que viaxar aos portos de Vigo ou A Coruña, participar nas descargas e negociar con compradores. Non lle foi un papel doado sobrevivir nun mundo de homes.

Durante varias décadas houbo taberna na casa. Un lugar de encontro entre veciñanza e visitantes do que aínda conservamos os cubertos que regalaban coas pastas Gallo e onde se podía tomar un chanqueiro de viño, comer tapa de lingua que preparaba a tía Dina ou mercar un cuartillo de aceite. Victorina, miña nai e fla máis nova de Presenta, axudaba no despacho e nas contas da taberna e dicía que “apenas había froita, e as poucas laranxas que viñan eran para as persoas enfermas”.

Nos anexos da casa viviron tamén o tío Raúl e familia, antes de construír a súa propia grazas ao gañado no mar, e a tía Florinda, que aprendeu o oficio de modista para ir coser polas aldeas. Florinda cosía por un pequeno xornal e un prato de comida nas casas veciñas, cando podía levaba con ela á irmá pequena, quen ás veces apañaba unha peseta de propina.